

Estimadas familias:

Un ano mais dende a ANPA queremos ofertar un servizo de ludoteca que facilite a conciliación familiar polas tardes e ao tempo sexa un espazo de ocio e lecer para os/as cativos/as.

A AULA DE TARDE/LUDOTECA está pensada como un servizo que se ofrece entre as 16:30 e as 18:30 de luns a venres, tempo no que os nenos/as realizan actividades lúdicas e culturais acompañados e guiados polo correspondente monitorado.

Podedes escoller participar no servizo todos os días ou certos días da semana concretos, as dúas horas dos días seleccionados ou só 1 hora. No momento de cubrir a matrícula debedes **indicar claramente os días e horario no que solicitades o servizo (exemplo: martes e xoves de 16:30 a 17:30)** salvo que solicitades a modalidade completa de 10 horas semanais.

Para utilizar o servizo na modalidade de días soltos é imprescindible que se comunique vía Whatsapp ao teléfono 691475060 ou no correo santiago@avanzaserviciosescolares.es preferiblemente antes das 18:00 horas do día anterior (atenderanse estas solicitudes sempre que exista dispoñibilidade de prazas).

O cobro do servizo realizarase entre o 1 e o 10 de cada mes en curso (mes adiantado, salvo aqueles casos que usen o servizo días soltos que se cobrará a mes vencido) e se desexades facer algunha modificación ou darvos de baixa debedes facelo antes do día 20 do mes anterior para que se poida pasar o recibo correctamente.

Para participar no servizo de AULA DE TARDE cobrarase unha matrícula anual de 15 € que será gratuíta para aqueles que xa sexan socios da ANPA. Por ese motivo **no momento de darvos de alta no servizo de AULA DE TARDE/LUDOTECA debedes indicar se queredes ser socios da ANPA** (cota socias 15 €/ano/familia).

Co fin de facilitar a conciliación dende o comezo do curso escolar pretendemos comezar o servizo de aula de tarde o 11 de SETEMBRO. **O prazo de inscrición na aula de tarde será ata o 31 de xullo**, para inscribivros debedes darvos de alta no servizo a través da plataforma de xestión das actividades https://avanzaserviciosescolares.easymanager.app/es/XyS6c/course_reservations/new (se xa tendes dado de alta ao neno/a nalgunha actividade tan so tendes que buscalo en engadir a reserva da aula de tarde) e ao mesmo tempo debedes enviar ao correo santiago@avanzaserviciosescolares.es a ficha de inscrición que axuntamos na que indicaredes os horarios seleccionados.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO SERVIZO DE AULA DE TARDE CURSO 2024-2025.
CEIP RAMÓN CABANILLAS
SELECCIONAR MODALIDADE NA QUE SE DESEXA INSCRIBIR Á NENA-NENO
ENVIAR A santiago@avanzaserviciosescolares.es

| Nº Horas semanais | Prezo mensual | Nº Horas semanais | Prezo mensual |
|-------------------|---------------|---------------------|---------------|
| 10 horas | 60,00 € | 4 horas | 28,00 € |
| 9 horas | 55,00 € | 3 horas | 24,00 € |
| 8 horas | 50,00 € | 2 horas | 17,00 € |
| 7 horas | 48,00 € | 1 horas | 12,00 € |
| 6 horas | 42,00 € | Día solto – 2 horas | 5,00 €/día |
| 5 horas | 30,00 € | Día solto – 1 hora | 3,00 €/día |

A aula de tarde funcionará en horario de **16:30 a 18:30** de luns a venres. Debedes indicar os **DÍAS E HORARIO DE UTILIZACIÓN DO SERVIZO**, se non escolle a modalidade de semana completa (10 horas) e se eses días van ser fixos (Exemplo todos os xoves de 16:30 – 17:30)

A opción de días soltos estará dispoñible para atender necesidades puntuais e urxencias avisando o día anterior.

| PROGRAMACION DA AULA DE TARDE (esta programación pode sufrir cambios atendendo aos espazos dispoñibles e as condicións meteorolóxicas) | | | | |
|---|----------------------------------|---|----------------------------------|-------------------------------|
| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| XOGOS MUSICAIS (1ª hora) COCINA (2ª hora) | ARTES PLÁSTICAS, MANUALIDADES | ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS E CIENCIA DIVERTIDA | XOGOS GRUPAIS E XOGOS DE MESA | ANIMACIÓN Á LECTURA E CINE |

| DATOS PERSOAIS DA ALUMNA – O | | | |
|---|--|----------------|--|
| NOME E APELIDOS | | | |
| CURSO | | DATA NACEMENTO | |
| TELÉFONOS | | | |
| E-MAIL | | | |
| PERSOAS AUTORIZADAS PARA RECOLLELA-O (deben traer o DNI) | | | |

OBSERVACIÓNS DE ESPECIAL INTERESE: alerxias, diversidade funcional, adaptacións necesarias, o que penses que pode ser necesario para facilitar a estadia da crianza

OBSERVACIÓNS doutro tipo, incluíndo outras necesidades horarias

| DATOS BANCARIOS | |
|-------------------|--------------------------------------|
| TITULAR | |
| Nº CONTA BANCARIA | ES _ / _ _ _ / _ _ _ / _ _ _ / _ _ _ |

O pagamento destes servizos realizarase por adiantado, no número de conta indicado na inscrición online cumprimentada, do 1 ao 5 de cada mes, no caso dos inscritos fixos. **No caso do uso ocasional dos servizos, facturarase a mes vencido o total dos días utilizados.**

Coa sinatura deste documento, aceptas doar á FEDERACION GALEGA DE ANPAS "COMPOSTELA", calquera cantidade que che puidese corresponder como consecuencia do reparto da subvención solicitada por esta entidade para o desenvolvemento do servizo de ludoteca, a FANPA COMPOSTELA comprométese a xestionar esta doazón no financiamento doutras actividades dirixidas á comunidade educativa.

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, solicitámoslle os seus datos de carácter persoal, que serán tratados coa **finalidade de xestionar os datos identificativos dos participantes nas actividades organizadas pola Federación así como levar a cabo a xestión fiscal, contable e administrativa.** Os datos poderán ser cedidos ás empresas coas que a federación contrate a xestión das actividades e servizos, administración tributaria, a bancos e entidades financeiras para a domiciliación de pagos e á xestoría para cumprir coas obrigas fiscais. Os datos proporcionados conservaranse mentres participe nas actividades organizadas ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigas legais. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa limitación, portabilidade ou supresión cando os datos xa non sexan necesarios.

- Autorizo o envío por E-Mail de comunicacións informativas**
 - Autorizo a publicación de imaxes en redes sociais e paxina web da FEDERACIÓN e das empresas coas que contrate as actividades ou servizos.**
- Poderá exercer os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACION, SUPRESION E PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a FEDERACION DE ANPA COMPOSTELA , Rúa Estocolmo, 8 de Santiago de Compostela acompañando fotocopia de DNI ou no seu defecto documento que acredite a súa debida identidade .

Compostela ____ de ____ de _____

Asdo.: _____